



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 21 de decembro do 2012.

HORA DE COMEZO: 13.35 horas

HORA DE REMATE: 14.25 horas.

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Dona Adela Redondo Rendo
Don Xabier Canabal Fernández
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Toma posesión Concelleiro**
- 3. Cambio periodicidade das sesións**
- 4. Cambio de día para celebrar sesión plenaria no mes de xaneiro (24-01-2013)**
- 5. Aprobación POS 2013**
- 6. Complemento prestación ó persoal do concello en situación de incapacidade temporal en aplicación do artigo 9 do RDL 20/2012 do 13 de xullo**
- 7. Redución xornada laboral do auxiliar de deportes e modificación da relación de postos de traballo (RPT)**

- 8. Modificación acordo de non dispoñibilidade do importe da paga extra decembro**
- 9. Concesión privativa ben dominio público para a instalación tanatorio. Aprobación proxecto.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior.

Os señores Canabal e Calvelo non teñen nada que alegar.

A señora García Fraga di que hai un erro no punto número 11, cando se debate a moción número 12/2577. Sinálase que o rexistro de persoal fíxose para preservar a identidade dos traballadores, e en realidade ela dixo, para preservar a intimidade dos traballadores. Por outro lado, di a señora García Fraga que cando o señor Calvelo dixo que hai facturas sen pagar, ela preguntoulle cales eran e o señor Calvelo non respondeu.

Sen máis, por unanimidade apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 14 de novembro de 2012.

2.Toma posesión Concelleiro

Na sesión plenaria que tivo lugar o 14 de novembro de 2012, tomouse razón de renuncia presentada polo Concelleiro Adolfo Gacio Vázquez, o que substitúe don Jesús Neira Varela cuxa credencial foi remitida pola Xunta Electoral Central ao concello o 28 de novembro de 2012 e recibida con data 4 de decembro 2012 rexistro de entrada número 12/2758.

Polo que procede a toma de posesión do novo Concelleiro don Jesús Neira Varela o cal xura cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental de estado.

Unha vez xurado o cargo, o señor Alcalde da a benvida ó señor Neira Varela a esta legislatura e deséxalle un frutífero traballo polos veciños de Boqueixón.

O mesmo deséxanllo o señor Canabal e o señor Calvelo.

3.Cambio periodicidade das sesións

Na sesión plenaria que tivo lugar o 20 de xuño de 2011 acordouse levar a cabo as sesións plenarias ordinarias os segundos mércores dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás 20.30 horas.

Considerando máis axeitado á actuais circunstancias persoais e laborais dos Concelleiros en xeral, a celebración dos plenos en horario de mañá, propono que teñan lugar os plenos ordinarios os mércores dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro de novembro ás 13.30 horas.

O señor Canabal di o seguinte: “Tal e como se reflicte na exposición de motivos desta proposta, o cambio no horario é debido ás actuais circunstancias persoais e laborais dos

concelleiros en xeral. É dicir, que no meu caso ou son un concelleiro en particular (non entro dentro da categoría de xeral), ou ben son un androide e non un concelleiro. Porque se é así, polo menos puido preguntar, e quedaba a proposición niquelada.

Pero claro, non preguntou, porque a exposición de motivos non a cré nin o propio alcalde, aínda que a asine.

Permítanme que neste punto traia unha entrada do facebook de onte á noite, porque non sendo miña, concordo ao 100%.

Mañá venres ás 13:30h hai pleno no concello. Polo que nos comentaron, aparte de outros temas, van tratar de cambiar o día de celebración dos plenos que ata o de agora víñanse celebrando os mércores ás 20:30h. Supoño que non lles gusta nada que cada vez asistan máis veciños ós mesmos e saben que a esas horas, a maioría da xente está ou comendo, ou facendo de comer ou traballando.

Unha vez máis vemos que non lles interesa nadiña que os veciños vexamos a lixeireza coa que os nosos concelleiros toman decisións que nos afectan a todos.

Seguen sen publicar na páxina web do concello a convocatoria dos plenos, cando é algo que levamos pedíndolle dende hai tempo e sempre nos dixeron que o ían facer. De momento seguen sen cumprir.

Por outra banda, polo menos xa actualizaron algunhas cousas e xa están colgadas todas as actas plenarias, incluso as do pleno do mes de outubro.

É triste comprobar que seguen intentando arredar á veciñanza de todo o que teña que ver co concello e coas decisións que se toman nel, así como dificultándolle a asistencia ós plenos cambiando os horarios dos mesmos e non avisando da súa convocatoria na páxina oficial do concello.

A historia volta a repetirse, como un “deja vu”; quero recordarlle aos Sres. Concelleiros o debate producido na sesión plenaria de 11 de maio de 2005, cando unilateralmente o equipo de goberno decide trocar os plenos da tarde (ás sesións eran ás 8 da tarde):

Dicía o Sr. Viaño: Todos temos obrigas no noso traballo que nos dificultan a asistencia e seguramente ningún horario pode satisfacer a todos. Pero o que é indignante na súa proposta é que nin tan sequera fomos consultados.

Subido no seu pedestal o alcalde ordena que os plenos se celebren en horario de mañá cando todos temos un traballo ó que dificilmente se pode faltar, e aínda máis á 1 da tarde, para que o pleno non se poida alongar e rematemos sen dar moita guerra. Pero é que non se lle pasou pola cachola que hai outros concelleiros que terán moitas dificultades para asistir a esa hora?

Un veciño deste Concello, díxome un día que Adolfo Gacio erguíase todas as mañás pensando cómo facer máis dano á oposición. Teño que crelo porque este cambio de horario está pensado so para dificultar a nosa presenza e a nosa actividade nos plenos. Como supoñemos seguirán enviando as convocatorias os domingos pola tarde, conseguen de paso que teñamos un día menos para ver a documentación e preparar as intervencións. Felicítoo sr. alcalde. A súa proposta non é máis que unha mostra máis da imposición, da improvisación e da impotencia coa que gobernan o municipio. Opoñémonos radicalmente.

A continuación o Sr. Canabal di que coincide plenamente co portavoz do grupo socialista, aínda que fai as seguintes matizacións:

"1.- Que o Sr. alcalde só pensa nel. Non pensa nos veciños, posto que algúns quixeron participar no pleno e non se lle permitiu.

Así facendo os plenos ás 13:00 horas, facilita a non asistencia ós plenos por parte dos veciños.

O Sr. Rodeiro, pola súa parte di "que se fai a variación dos horarios de celebración dos plenos porque administrativamente é máis sinxelo e por outra parte, porque así

adaptamos a celebración dos plenos ós horarios de moitos concellos da comarca, onde tamén gobernan os do partido socialista, e mesmo (segue dicindo os Sr. Rodeiro) para dar unha maior cobertura a prensa.

Daquela era porque administrativamente era máis doado administrativamente e para dar maior cobertura á prensa. Agora porque lle vén mellor aos concelleiros por motivos laborais...(ou todos os concelleiros cambiaron os seus hábitos vitais e laborais, ou polas ausencias no que vai de mandato, asegúrolles que non existe motivo aparente para cambiar. Pero tampouco importa, porque este non é o motivo.

O motivo daquela, ao igual que agora, é espantar aos veciños do pleno. Daquela lembro estaba comezando a haber un grupo de veciños interesados en asistir aos plenos, ao igual que agora. Lembro tamén, que cando se debatía algún punto concreto, en certas sesións tiñan asistido aos plenos os propios veciños afectados pola proposta a debater e aprobar.

É certo que tendo daquela como agora, era aínda pouca a expectativa xerada para a asistencia dos veciños ao pleno, pero comezaba a calar. E antes de que cale, empregando o rolo, todas as dificultades para os veciños, e cambio de horario.

Certamente, e xa para rematar, tiña albergado a esperanza de que o cambio forzado de alcalde traería consigo novas formas, motivado polos feitos polos que tivo que “escapar” o anterior alcalde. Porén, o actual alcalde insiste en converter esta nova etapa nun “Gacismo sen Gacio”.

Coma consello simplemente, e como constatación de feitos. A xente do común, preferimos sempre o orixinal antes que unha calcomanía distinguida do orixinal”.

O señor Calvelo di o seguinte: “Volvemos a retroceder neste punto á situación pasada, na que se demostraron as dificultades que supón establecer este horario, polo límite de tempo para debater os distintos puntos da orde do día.

Por outra banda, sabemos que con este horario imposibilitase en gran medida a posible asistencia de público os plenos.

Por último, é unha vergoña que se intente realizar este cambio para favorecer circunstancias persoais e laborais dalgúns concelleiros.

Polo tanto, votamos en contra desta proposta, porque estaba moi ben e non había necesidade de cambio, para empeorar”.

A señora García Fraga di que o público pode vir a esta hora e a prensa tamén.

O señor Canabal alega que o di polos veciños e non pola prensa, pero sobre todo critica que non se consultara con eles, como Concelleiros que son, polo que se sinte discriminado.

O señor Alcalde di que posiblemente fora un fallo non comunicarllo antes, pero os plenos son abertos e calquera persoa pode vir.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do PS de G e de ANOVA, acórdase:

1. Que teñan lugar as sesións ordinarias plenarias os segundos mércores dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás 13.30 horas.

4.Cambio de día para celebrar sesión plenaria no mes de xaneiro (24-01-2013)

Na sesión plenaria que tivo lugar o 20 de xuño de 2011 acordouse levar a cabo as sesións plenarias ordinarias os segundos mércores dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.

No mes de xaneiro o Pleno ordinario tería lugar o día 9 de xaneiro de 2013.

Dadas as dificultades técnicas para proceder coa correcta confección do Presuposto Xeral 2013 o cal é difícil telo confeccionado para a súa aprobación na sesión ordinaria do 9 de xaneiro.

Tendo en conta que antes do 31 de xaneiro débese remitir determinada información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas propono ó Pleno trasladar a sesión ordinaria de xaneiro ó día 24 de xaneiro ás 13.30 horas.

A Secretaria explica que lle solicitou ó Alcalde o cambio porque hai variacións na documentación do presuposto e resulta difícil telo completo para o pleno do 9 de xaneiro, tendo en conta ademais que previamente debe ser informado pola Comisión Informativa.

O señor Canabal di que está xustificado o cambio, pero non a hora: “A proposta, salvo polo cambio da hora está perfectamente motivada, polo que apoio este cambio.

Posto que se fala de aprobar o orzamento de 2013, o que si, fago a petición de que se nos facilite con tempo, é dicir, que se nos vaian facilitando os documentos segundo vaian estando rematados e aínda non sendo os finais, para poder ir traballando sobre eles, e poder facer tamén algunha achega”.

O señor Calvelo di: “podemos estar de acordo neste cambio pero quero facer constar a nosa protesta porque demostra a inoperancia e o incumprimento da legalidade, pois as propostas deberían quedar aprobadas neste ano 2012.

Esperamos dispor da información pertinente para o seu estudo co tempo suficiente e necesario.

Si se cumpren estas condicións estaríamos a favor deste cambio de data”.

Por unanimidade acórdase:

1. Trasladar a sesión ordinaria que corresponde celebrar o 9 de xaneiro ó día 24 de xaneiro de 2013 ás 13.30 horas.
2. As restantes sesións ordinarias séguense mantendo nas mesmas datas acordadas na sesión do 20 de xuño de 2011 e de acordo co horario establecido no punto anterior desta sesión.

5.Aprobación POS 2013

Con data 30 outubro de 2012, rexistro de entrada 2520 recíbese no concello a circular da Deputación Provincial para a elaboración do POS 2013, para o cal se destina ao Concello de Boqueixón 214.217'01€.

Neste plan o concello pode destinar ata o 60% ao financiamento de gasto corrente. Sen embargo, o concello pretende arranxar o pavimento do camiño de Villalapaz a

Rebordaos así como a apertura de gabias, o cal urxe debido ao estado actual no que se atopa que supón un perigo para a circulación. Por outro lado, destinaranse 55.701,07 € para financiar a partida gastos correntes, concretamente a partida de gastos en iluminación pública.

Débase ter en conta, así mesmo, que o Pleno da deputación na sesión que terá lugar este día 21 de decembro, modifica as bases polas que se rexe a elaboración do POS, no senso de non esixir a achega mínima do 5% nos proxectos, polo que o Concello de Boqueixón propón a aprobación dun proxecto financiado ao 10 % co POS.

O señor Canabal di: “Ben, aínda que non o crean, viña coa firme intención de votar a favor das obras que decidiran levar ao POS para o vindeiro ano, e é o feito polo que tampouco presenteí ningunha iniciativa nestes senso.

Mais á vista do que se trae ao pleno, non o teño nada claro, polo que quero facer unhas consideracións á espera de que se son contestadas, poder apoiar a proposta.

En primeiro lugar, e como argumentación xenérica ás obras do POS, dicir que tendo en conta a actual situación económica temos a obriga, todos, de priorizar as actuacións do concello. Xa o teño dito, esta priorización debe pasar pola priorización dos servizos sociais e polo mantemento dos servizos públicos que actualmente presta o concello. Neste punto xa teño exposto que baixo un prisma estritamente economicista, a xestión “indirecta” dalgúns servizos (valla como exemplo o servizo de abastecemento de auga), é claramente deficiente e excesivamente cara, habendo alternativas máis económicas sen perder calidade.

Máis non é isto o que quero expor. Centrándonos na obra que se trae agora ao pleno, arrinco dos orzamentos do presente ano onde está consignada:

- 411.619.04 CAMIÑO VILLALAPAZ – REBORDAOS: 68.841,06 €.
- No pleno do 9 de maio deste ano, o Sr. Calvelo fai un rogo referido á obra, máis non me interesa tanto a pregunta, senón a resposta do Alcalde.
O rogo foi: Que se melloren os accesos a Rebordaos, nomeadamente que se amplíe a curva que da acceso á aldea.

O Sr. alcalde explicou daquela que as obras xa se iniciaron e que só falta ampliar a curva, xa que hai que cortar varias árbores que impiden seguir coas obras. Os veciños xa deron o seu consentimento e agora estase esperando que o empresario que comprou a madeira proceda á corta

É dicir, á vista disto a obra estaría comezada e camiño de concluírse.

Onte puiden observar que realmente se ampliara a pista, coas obras da pala, máis falla o firme que está moi deteriorado, e nas ampliacións é inexistente.

O proxecto pois que presentan agora para o POS de 158.515,94 € é entón para o asfaltado integral da pista municipal e a apertura de cunetas, proxecto novo. Porque saben vostedes que declaran que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras AAPP para o financiamento do investimento. É certo, mais non vaia a ser que estea existindo duplicidade ou sobordamento da obra realizada coa obra nova. Esa é unha salvedade.

Por último, e contestándome á salvedade, e retomando o fío da primeira parte da intervención, dixen que son extremadamente sensible coa actual situación económica. Mantendo os servizos do concello para o vindeiro (cosa que se me antolla un auténtico reto) coido que será suficiente para pedirlle para o vindeiro ano. Vexan aquí a miña colaboración leal con vostedes.

Tendo en conta asemade que no pleno da Deputación de hoxe aprobará o convenio de colaboración para financiar as obras de camiño cruzamento Lareo-Loureiro-Igrexa (Pousada) e outros, que se trata da conservación, regado e rebacheos de 26 camiños do concello por importe de 150.000 €, podería aceptarse en termos xenéricos o plan de investimentos para o vindeiro ano.

O señor Calvelo di: "É unha obra que nos propuxemos no seu momento, xa que déramos a nosa palabra ós veciños para a realización desta obra con urxencia. Estamos de acordo en que esta partida de 158.515,94 € vaia destinada a posibilitar o remate por fin, da mellora do camiño de Villalapaz a Rebordaos. En canto á inversión de 55.701,07 € para financiar a partida de gastos da iluminación pública, gustaríanos coñecer o proxecto da inversión prevista de 250.000 €".

O señor Alcalde di que se trata de botar aglomerado, abrir gabias e canalizar e segue dicindo que se reuniron cos veciños para tratar as obras a executar.

Respóndelle o señor Calvelo que foi unha falta de consideración non invitar á oposición a esas xuntanzas, pois o seu grupo foi o que propuxo esta obra no seu momento.

Por unanimidade acórdase:

1.- "Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Camiño de Villalapaz a Rebordaos	158.515,94	-	158.515'94
SUBTOTAL OBRAS	158.515,94	-	158.515'94

Aprobar o proxecto das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación	
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	55.701,07

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	158.515,94	-	158.515'94
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	55.701,07		55.701,07
T O T A L	214.217,01	7.925'80	214.217,01

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

6.Complemento prestación ó persoal do concello en situación de incapacidade temporal en aplicación do artigo 9 do RDL 20/2012 do 13 de xullo

No Boletín Oficial del Estado de data 14 de xullo de 2012, publicouse o Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade.

Esta norma, no seu artigo 9 modifica o réxime retributivo do persoal incluído no réxime Xeral da Seguridade Social durante a situación de incapacidade temporal, sen prexuízo da posibilidade que ofrece a cada Administración Pública de determinar respecto do persoal ao seu servizo, e dentro dos límites que no mesmo se establecen, os complementos retributivos que en concepto de mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social corresponda nas situacións de incapacidade temporal.

Así mesmo, permítese no apartado 5 do artigo 9 da mesma norma, establecer tamén por cada Administración Pública supostos nos que con carácter excepcional e debidamente xustificadas permitan establecer un complemento ata acadar como máximo o cen por cen das retribucións que viñeran disfrutando en cada momento.

O propio real decreto lei, a estes efectos, considera debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

O texto presentado polo Concello, ao respecto do artigo 9.2 do real decreto lei, esgota o marxe permitido polo goberno ata acadar os límites sinalados no mesmo precepto.

Pola súa parte, o documento engade aos supostos previstos na lei de hospitalización e intervención cirúrxica os de recuperación postoperatoria, as lesións graves do sistema músculo - esquelético e as enfermidades recollidas no anexo do Real Decreto

1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento no ámbito da Seguridade Social da prestación económica por coidado a menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.

A recuperación postoperatoria concíbese como un complemento inescusable ao de hospitalización e intervención cirúrxica, posto que en moitos casos, o período de hospitalización é mínimo comparado co período postoperatorio, de tal maneira que a norma de establecer un complemento excepcional por razón da hospitalización ou da intervención cirúrxica carecería de sentido si non se prolongara durante todo o período postoperatorio de recuperación. Se ben puidera interpretarse que o suposto de feito da hospitalización e intervención cirúrxica se estendería durante todo o período de incapacidade temporal derivado das mesmas, se considera máis aconsellable facer uso da facultade recoñecida no real decreto - lei a esta administración para precisalo incluíndo a recuperación post - operatoria e evitar así que puidera chegarse ao absurdo de, no caso de que a operación solo esixira un día de hospitalización, habitual por outra parte, o funcionario percibira o complemento durante ese día da hospitalización e non durante o período imprescindible de recuperación.

O texto que se propón ao Pleno remítese tamén á relación de enfermidades recollida no Anexo do Real Decreto 1148/2011, para a aplicación e desenvolvemento no ámbito da Seguridade Social da prestación económica por coidado a menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, que resulta ser a única norma xurídica no ordenamento español que recolle unha relación de enfermidades graves (aplicable mutatis mutandi aos maiores de 16 anos). A inclusión de este suposto de obtención do complemento ata acadar o 100% das retribucións cumpre os dous criterios recollidos no artigo 9.5, é dicir, o seu carácter de excepcionalidade e a súa xustificación. Ao tratarse dunha lista cerrada de doenzas evítase unha interpretación lata do precepto e a gravidade resulta evidente, en tanto ven recoñecida a gravidade polo propio Ministerio de Traballo mediante esta norma.

Co mesmo carácter de excepción e dado que o Real Decreto 1148/2011 recolle unicamente enfermidades e non lesións e tendo en conta a súa consideración como graves e que implican importantes períodos de inmovilidade total, é posible xustificar a inclusión dentro dos supostos do artigo 9.5 do Real Decreto lei 20/2012 das lesións graves, así como as enfermidades que non están incluídas dentro do Real Decreto 1148/2011 pero que carreen a incapacidade para o traballo.

Segundo o artigo 51 da Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece a obriga das Administracións Públicas no ámbito das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes de remover os obstáculos que impliquen a pervivencia de calquera tipo de discriminación no desenvolvemento da carreira profesional, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a de remover calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de sexo.

Así mesmo, o artigo 56 da mesma lei introduce un mandato cara a normativa que regula os acordos entre as distintas administracións (entro do ámbito das súas competencias, loxicamente) e o persoal ao seu servizo de que o réxime de excedencias, reducións de xornadas, permisos e outros beneficios que protexa a maternidade e facilite a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Tendo en conta ditos mandatos, e no ámbito das competencias para a mellora dos complementos que lle recoñece o Real Decreto Lei 20/2012, parece xustificado, para o efectivo cumprimento do devandito mandato legal, estender a percepción do complemento ata o 100% ás enfermidades comúns durante un momento tan crítico e decisivo na efectividade do principio da igualdade de mulleres e homes como é o

embarazo. Con iso se pretende seguir na liña de actuación que o artigo 9.2 da Constitución marca para as administracións públicas e os poderes públicos en xeral e que, en palabras do Tribunal Constitucional, supón a vontade do constituínte de acadar non solo a igualdade formal senón tamén a igualdade substantiva, ao ser consciente de que unicamente desde esa igualdade substantiva é posible a realización efectiva do libre desenvolvemento da personalidade.

O señor Canabal di: “Neste caso, ao igual que outros que se trouxeron a este pleno, trátase das contrarreformas do goberno central que non estou, a favor delas.

Estas reformas económicas que foron emprendidas en primeiro termo polo goberno socialista en Madrid e agora polo PP, son reformas que humillan e denigran aos traballadores. Sei de antemán, que non é este o mellor foro para amosar a miña indignación sobre esta deriva neoliberal que pagamos os traballadores, reducíndonos soldos, dereitos sociais e laborais que custaron séculos e moito sangue conquistar, e que se tiran ao balde do lixo con cada reforma e contrarreforma dos dous últimos gobernos, que están a practicar auténtico “Terrorismo de Estado” e levando a amplas capas da sociedade a situacións extremas. Non é o mellor foro, insisto, mais si é o único no que eu o podo expresar toda esta indignación.

É un camiño sen retorno. Polo tanto tamén eu estou máis cercano a plantexarme a insumisión ás leis estatais, que máis parecen as dun “Estado de Sitio” que as dun “Estado de Dereito”.

Menos mal que na propia proposta se aclara que o texto presentado polo concello esgota a marxe permitida polo goberno ata acadar os límites sinalados. Menos mal. Máis non é suficiente.

Sei que vostedes van a aprobar este punto, mais non podo prestar o meu apoio cómplice a todos estes atentados aos dereitos laborais dos traballadores. Non podo e non quero. E o único que lle pido, é que non aplaudan coas orellas ao aprobalo vostedes”.

O señor Calvelo di: “Non vexo o informe da Secretaria – Interventora sobre a inclusión do complemento de prestación ó persoal do concello en situación de incapacidade temporal, pero entendo que se axusta ó que dispón o artigo 9 do Real Decreto 20/012 e polo tanto en principio estou a favor da proposta”.

A señora García Fraga di que está a favor, aínda que se pode pensar que as veces abúsase das baixas. Sen embargo, acatamos a lei e por isto votamos a favor.

Di o señor Canabal que as baixas sempre as ten que dar un médico. Ninguén as pode coller voluntariamente.

Cos votos a favor do PP e do PS de G e en contra do representante de ANOVA, acórdase:

1. Aprobar os complementos retributivos en concepto de mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social correspondente ás situacións de incapacidade temporal (IT), conforme ás seguintes normas:

1. Aboarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal por continxencias profesionais e polas continxencias comúns que xeren:

- Hospitalización. Neste caso, cando a situación de IT teña comezado antes da hospitalización e esta teña orixe no mesmo proceso patolóxico aboarase o 100% das retribucións desde o inicio da IT.
- Intervención cirúrxica e recuperación postoperatoria.
- Lesións graves ou enfermidades incapacitantes (entendendo por tales as lesións muscoesqueléticas ou óseo musculares que imposibiliten notablemente a mobilidade).
- Enfermidades recollidas no anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo.
- Enfermidade común durante o embarazo.

2. Nos casos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral o complemento calcularase de conformidade coas seguintes regras:

- a) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive aboarase un complemento ata acadar o 50% das retribucións ordinarias que correspondería percibir.
- b) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive aboarase un complemento ata acadar o 75% das retribucións ordinarias que correspondería percibir.
- c) A partir do día vinte e un aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións ordinarias que correspondería percibir.

3. -As referencias a días incluídas no presente acordo entenderanse realizadas a días naturais.

2.- O presente acordo entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa adopción.

3.-Mediante Resolución da Alcaldía resolveranse as cuestións de interpretación e desenvolvemento que se susciten en relación coa aplicación do contido do presente acordo.

7.Redución xornada laboral do auxiliar de deportes e modificación da relación de postos de traballo (RPT)

Á vista do informe que a continuación se transcribe literalmente, elaborado pola Concelleira de Cultura e Deportes, dona Raquel García Fraga:

“Desde o ano 2011 estase a producir un considerable descenso do número de usuarios das actividades deportivas que imparte o concello de Boqueixón, salvo durante os meses de xullo e agosto nos que está en funcionamento a piscina municipal.

Por este motivo o concello por un lado tivo que reducir o número de actividades deportivas que viña programando e por outro tivo que agrupar as actividades que contan cun número de usuarios moi escaso e se viñan executando en diferentes parroquias. Concretamente as actividades que se impartían na Granxa agréganse ás de o Forte e as que se impartían en Lamas, previo compromiso de asistencia das usuarias, en lugar de pasar a realizar a actividade en Sergude, como se lles ofrecera nun primeiro momento, dado que non teñen un grupo mínimo, pediron e así se lles concedeu, levar a cabo a devandita actividade na propia parroquia, pero en lugar de ser dous días, pasa a ser un.

Por outro lado, hai un serie de actividades como Pilates e Patinaxe que cando se demandan e o número de persoas o fai viable, o concello debe contratar os monitores a unha empresa porque o persoal de que dispón o concello non están capacitados para

impartilas, tal como eles mesmos alegan. Deste xeito, así ben sucedendo estes dous últimos anos, o que fai que o concello teña que pagar unhas actividades a unha empresa, contando na súa plantilla con un monitor deportivo e un auxiliar de deportes. Consecuentemente, reduciuse considerablemente a carga laboral no departamento o cal, xunto coa correspondente redución dos ingresos tanto por actividades deportivas como pola actual crise económica que afecta especialmente á administración, fai innecesario e sobre todo inviable economicamente o actual cadro de persoal existente no departamento de deportes neste momento, formado por un monitor deportivo (laboral fixo) e un auxiliar de deportes (laboral temporal). E isto a pesares de que o concello aprobou a correspondente taxa pola actividade de ximnasia de rehabilitación para maiores, que antes era gratuítas e mesmo incrementou outras taxas doutras actividades deportivas. E aínda con todo isto, neste momento a gran diminución dos ingresos en relación cos gastos resulta insoportable para as arcas municipais polo que é absolutamente necesario proceder coa reorganización do persoal do departamento de deportes co fin de adaptalo ás actividades que se imparten e aos ingresos municipais existentes.

Tendo en conta que o laboral fixo monitor deportivo do concello está desfrutando de redución de xornada por conciliación de vida laboral e persoal pero coa confianza de que no futuro próximo a situación económica do concello mellore e de que, así mesmo, o número de usuarios incrementa, séguese mantendo os dous postos de traballo aínda que é necesario reducir a xornada laboral do auxiliar de deportes, don Javier Patiño Fernández de acordo coas actividades por el impartidas.

Por todo isto, informo :

- 1- Reducir a xornada laboral de o sr. Patiño Fernández en función das actividades que imparta, que será de 15 h/semanais.*
- 2- Abonarlle a retribución correspondente á xornada laboral de 15 h/semanais que se distribuirá do seguinte xeito:*

Salario bruto mensual : 501,91 €

Seguridade Social cargo concello mensual : 169,39 €

Total gastos mensuais : 671,30 €

Salario bruto anual : 7.026,74 €

Seguridade Social cargo concello anual : 2.032,68 €

Total gastos anuais : 9.059,42 €

- 3- Dar conta, así mesmo, aos delegados sindicais correspondentes aos efectos que estimen procedentes e ao traballador don Francisco Javier Patiño Fernández.
Boqueixón, 20 de novembro de 2012”*

Unha vez levado á mesa de negociación cos sindicatos correspondentes, en data 3 de decembro de 2012, cuxa acta se achega , propoño ao Pleno reducir nun 40 % a xornada laboral do auxiliar de deportes.

Así mesmo, a continuación transcríbese a acta da xuntanza realizada pola “Mesa Xeral de Negociación” o 3 de decembro de 2012.

“ACTA DE REUNIÓN REALIZADA POLA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2012.

HORA DE COMEZO : 11.30 horas.

HORA DE REMATE : 13.20 horas.

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera, alcalde do Concello de Boqueixón.

Dona Raquel García Fraga, concelleira de educación , cultura e deportes.

Dona Amalia Guiance López, representante sindical de CCOO.

Don Anselmo Caeiro Vilar, representante sindical por CCOO do concello.

Don Alfonso Espiñeira Espiñeira, representante sindical de CSIF.

Don José Manuel Barrio Pérez, representante sindical por CSIF do concello.

Dona María José Pereira Lareo, representante sindical por CSIF do concello.

Don José Gonzalo Torres Gil, representante sindical por CSIF do concello.

Don Antonio Pais Andrade, representante sindical de UGT.

Ausente:

Don Francisco Javier Patiño Fernández, auxiliar de deportes do concello.

No salón de sesións da Casa do Concello reuníronse os señores /as, que se relacionan anteriormente , asistidos polo secretario – interventor en funcións do concello , don Jesús Buján Varela, co fin de tratar os seguintes asuntos :

1º.- Modificación da RPT para levar a cabo a modificación das condicións de traballo do auxiliar de deportes.

Comeza a sesión lendo o Sr. Alcalde a convocatoria e dando conta do informe presentado pola concelleira de deportes.

A continuación a Concelleira de Deportes, dona Raquel, di que é un tema que xa está tratado. Relata que en xaneiro xa se ditou un decreto onde se lle daba un horario ó traballador e aínda tiña horas libres. Posteriormente, no mes de xullo, encargoulle ao monitor deportivo que presentaran un planing con actividades, horarios e prezos e que se contara con Javier Patiño, para facer a xanela de outono (revista de actividades do concello), pero Ricardo solo presentou a lista de actividades, tendo que facer o resto do traballo a concelleira. Segue dicindo que o traballador Javier Patiño non ofertou ningunha actividade e segundo lle comentaron outros compañeiros, en outras ocasións díxolles que el non estaba alí para propoñer actividades senón para executalas. Xa se están realizando actividades con moi pouca xente porque senón non se podería facer ningunha. A Javier sáenlle 10-12 horas de actividades á semana. Despois, segue comentando a concelleira, non se lle poden poñer actividades con nenos porque a xente no momento que sabe que está el, xa non leva ós rapaces ou xa non os apunta. Gustaríame que el estivera aquí. Eu non lle vexo vontade. Quéixase de que non me dirixo a el: e é certo posto que non mes de xullo tiven que chamalo porque houbo unha situación na piscina que era de urxencia solucionar: o rapaz que estaba dando as clases de natación non podía exercer ó mesmo tempo de socorrista, e debido a isto díxenlle que realizara el a función. El mesmo preguntou si llo estaba pedindo ou esixindo, a concelleira contestoulle que nin unha cousa nin outra, era unha necesidade do servizo. A partires deste momento, no que me dixo de todo, dende que non era

ninguén para mandarlle ou que era moi listilla, esixiume que me dirixira a el por escrito, nunca máis de palabra.

Segue dicindo a concelleira que se recibiu un escrito da Inspección de Traballo no que preguntan si traballou os fins de semana de xullo e agosto e si se compensaran. Non é certo que traballara os días 15 e 16 de agosto porque eses días estaba de baixa. Non traballou os fins de semana e non vexo normal que cobre un salario completo por traballar menos de media xornada.

Remata a concelleira dicindo que non lle ve vontade de cambiar e que a solución é a de reducirlle a xornada. Aclara que lle gustaría que estivera o traballador presente, para que escoitara o que se estaba a dicir del.

Comeza D. Alfonso Espiñeira dicindo que revisara o escrito que presentara o traballador no mes de xuño, que se lle pediran propostas e que dixera que non había posibilidade de facer nada máis. Nós, segue dicindo ó Sr. Espiñeira referíndose a el máis ós compañeiros de sindicato, como compañeiro defenderémolo sempre pero con esta situación é difícil. Non entendo esta situación, váiseme das mans. Non sabemos nada do traballador e ante isto non temos nada que dicir, non explicou nada ós compañeiros. Non temos argumentos para defendelo.

Segue dicindo o Sr. Espiñeira: falei con Javier persoalmente dúas veces e non sei como se pode amañar a situación. Limitámonos a estar aquí e iso si, que non se lle quebranten os seus dereitos. O lóxico é que pedira axuda, en ningún concello vin que se lle deran tantas opcións a un traballador. Déronlle opcións suficientes.

Continúa falando dona Amalia Guance, dicindo que estaban ante un caso atípico, que se lle deran opcións para que presentara algo por escrito.

Di dona Amalia Guance que, vendo que o compañeiro ten redución da xornada podería suplilo en actividades para non recortar xornada, pero non pode ser se se nega a realizar actividades.

Engade a concelleira que o traballador alega que para impartir certas actividades non está capacitado. Tiña unha actividade con nenos, empezou cun número elevado de alumnos e que tras varias incidencias acabou con moi poucos, polo tanto con 12 horas de traballo á semana non pode ter un horario completo.

Continúa dicindo a concelleira que as actividades que propuxo o monitor deportivo, Ricardo Romero, funcionaron as dúas.

Pregunta dona Amalia Guance se hai feito algún estudo económico

Resposta a concelleira afirmativamente, explicando que hai dous anos non se pagaba a ningunha empresa para que impartira actividades, a partires de entonces vémonos na obriga de facelo para poder levar a cabo as actividades e ó mesmo tempo tivemos que comezar a subir prezos e taxas para poder afrontar os custos. Polo tanto cando se ves os ingresos de agora percibes que hai máis ingreso pero isto é enganoso ó ter que pagarlle a unha empresa o custo das actividades.

Comenta dona Amalia Guance que é unha pena que se perda media xornada podendo dar máis actividades.

Comenta a concelleira que non se lle mandou facer outra cousa que non fosen as horas de actividades. Continúa dicindo que co horario que ten podería formarse nas horas que lle quedan dispoñibles, pero non ve ningunha intención. Comenta o caso do cambio das bases de socorrista e que non ten as horas mínimas para poder validar o título. Deste xeito, espera non ter un novo problema cando se abra a piscina na tempada de verán. Segue dicindo a concelleira que non ten nada en contra de Javier, persoalmente, outra cousa e no profesional. Remata dicindo que o normal sería que estivera aquí para que dera a súa opinión.

O Sr. Espiñeira di que na convocatoria figura e que non é lóxico que non asista. Di que lamenta esta situación e que non entende porque non presentou nada. Agradézolle ó concello, segue a dicir, que siga mantendo o número de traballadores, desexo que esta situación se reconduza e volva a ser xornada completa.

Explica a concelleira que hai un mes de concedeu un plus de produtividade e que ela non obxectara nada, tan só para que o traballador non pensara que tiña algo persoal con el, agora ben, aclara para información xeral que non o merecía.

Di o Sr. Espiñeira que lle fai moito dano porque non ten maneira de defendelo. Falei con el persoalmente para que me explicara o tema e non me aclarou nada, continúa dicindo. Non hai maneira de defendelo.

Comenta a concelleira que chega un momento que parece que os problemas que aparecen neste departamento son culpa miña, e tamén recoñezo que é o único departamento que hai estes problemas xa que, o resto dos traballadores arriman o ombreiro e están á altura das circunstancias.

Respóndelle o Sr. Espiñeira que os departamentos de cultura e deportes en tódolos concellos son conflitivos. Pregunta, así mesmo, se reduciron a subvención de cultura e deportes?

Debátese sobre o tema das subvencións

O Sr. Antonio Pais di que hai que esperar a tempos mellores.

O Sr. Espiñeira di que non está na orde do día pero que quere que conste en acta o bo trato que tivo o anterior alcalde, Adolfo Gacio, co sindicato o que representa e así mesmo darlle a benvinda o novo alcalde, Jesús Sanjuás. Remata dicindo que espera ter o mesmo bo trato co Sr. Sanjuás.

O Sr. alcalde di que pola súa parte non vai haber problema.

Dona Amelia Guance di que espera que se retome a situación nun futuro cando a situación mellore.

O Sr. Antonio Pais di que confía en que se volva á situación anterior.

A Sra. Concelleira di que si se aumenta o volume de actividades non haberá problema, que se terá que facer unha gran oferta para ese aumento e que as actividades cos nenos son as que máis deberían subir.

O sr. Espiñeira pregunta si se mantén a subvención da Deputación para Deportes.

Depois de varias opinións ó respecto aclárase que neste ano baixaron as contías.

Dáse por rematada esta sesión ás 12.20 horas

O señor Canabal di: “Sra. García Fraga. Á vista de todo o expediente plenario neste punto, moi completo e que agradezo, amosa vostede a súa incapacidade para estar de concelleira ao fronte do departamento de deportes. E dio o expediente que se acompaña a este punto, non o digo eu:

- Primeiro: Recoñece o descenso do número de usuarios das actividades deportivas.
- Segundo: Recoñece que existen actividades (as que ao parecer teñen un maior número de usuarios) que o concello non pode prestar, tendo que recorrer á contratación externa.
- Terceiro: Recoñece unha baixa nos ingresos directos destas actividades (motivada por un descenso dos usuarios).
- Cuarto: Recoñece a inviabilidade económica do actual cadro de persoal, mesmamente cando xa un dos traballadores ten unha redución de xornada.
- Quinto: Ten un incendio constante cos dous traballadores do Concello afectos a este departamento.

Mire se fracasou na súa tentativa, que sendo vostede a concelleira delegada, ten que encargar ao persoal que programen as actividades. Isto xa me parece excesivo. E que á vista de todo o seu plantaxemento, eu pregúntome que fai vostede aquí?

Porque se o persoal do departamento ten que ser quen busque o financiamento e tramite as subvencións, quen faga as programacións deportivas, e quen as executen, por suposto, cal é a súa función aquí?

Mire vostede. Non é xusto, e non debe entrar dentro das funcións dun “técnico auxiliar” que teña que buscar as actividades que son mellores, ou que gusten máis á xente, ou que sexan máis rendibles... o que queira. Ese é o seu traballo. O dos técnicos, e moito máis, no caso dun técnico auxiliar, e pouco máis que tentar executar os mandatos do concelleiro delegado.

E que vostede non pode contratar a un auxiliar administrativo, con soldo de auxiliar administrativo, e pedirlle que sexa o xerente da empresa. Terá que contratar a alguén que teña capacidade para iso.

Á raíz diso tamén, quero expresar o meu perplexo as afirmacións dun representante sindical que debe ser liberado, cando di que non ten argumentos para defendelo. Non sei cal é a relación humana que vostede ten cos traballadores (polo visto, realmente lamentable) pero é que tampouco me importa. O que si me importa, e que vostede é a responsable do departamento, a responsable de asignar as labours, posto que este departamento non ten un xerente. E as obrigas dos técnicos, máximo se son auxiliares é executalas, nada máis. Pero non lle pida que fagan o seu traballo, o que vostede non é capaz de facer. Porque me parece excesivo.

Non vou ser excesivo nas miñas peticións, non vou pedir que dimita, nen ao alcalde que a cese. Voulle facer unha petición. Renuncie voluntariamente a esta área, e aproveitando

que acaba de entrar outro concelleiro na corporación, repartan outra vez as responsabilidades.

Porque descoñezo se os departamentos de deportes son excesivamente conflictivos. O que si sei é que nestes dous anos, vostede o puxo patas arriba.

Tenten arranxalo. Que ben vale a pena”.

O señor Calvelo di o seguinte: “Esta corporación traballa como si fora unha comisión de festas, na que se basean en repartir gastos e subvencións co único obxectivo de conseguir voto cara as eleccións. Está claro que os señores Concelleiros deste equipo de goberno ignoran o que anunciaban no seu programa cando a campaña electoral. En concreto o responsable de cultura e deportes é o que ten que planificar para toda a lexislatura cales son os obxectivos a acadar neste ámbito.

Non podemos estar parcheando cada tres meses unha “Xanela”, que en parte non se leva a cabo, cunha programación que en comparación cos concellos da comarca está no nivel máis baixo.

Esta planificación non é responsabilidade dos traballadores do concello, e se alguén non cumpre con esas obrigas, existen mecanismos para corrixir esta situacións conflictivas.

Polo tanto o grupo PS de G abstense”.

A señora García Fraga á pregunta do señor Canabal de ¿qué fai se as actividades as teñen que programar o persoal?, responde: “ Fago o que deberían facer os traballadores e que o señor Canabal antes de dicir algo debería enterarse do que pasa, e que xa o ano pasado lle dixo que cando queira pode chamar para preguntarlle o que sexa (sobre o funcionamento do departamento)

Di o señor Canabal que aínda que os traballadores sexan ogros, nunca houbo problemas ata que chegou a Concelleira actual e incendiou o departamento. Por isto debería deixar a Concellería a outro Concelleiro para arranxar as cousas.

O señor Alcalde di que a Concelleira ten poder para facer o que queira e estao a facer o mellor que pode.

A señora García Fraga di que este traballador está facendo 15 horas, pois ó cobrar as actividades a xente non se anota ás mesmas e polo tanto o traballador non ten carga de traballo.

Por outro lado, si se lle di que debe impartir “pilates”, responde que non sabe e si se lle di que faga cursos, négase.

Na “Mesa de Negociación” (segue dicindo a señora García) nin compareceu.

O señor Canabal di que se non ten actividades para impartir, non é culpa do traballador e que o que hai que facer é dar máis actividades.

Responde a señora García Fraga que a xente non se apunta, non hai usuarios.

Segue dicindo a señora García que “temos un monitor deportivo que neste momento ten redución de xornada, pero según lle comunicou (de palabra) desexa incorporarse ó horario normal, pero ten que facelo por escrito. Polo tanto, neste caso o auxiliar de deportes aínda tería menos horas de traballo”.

O señor Canabal di que sendo así habería que despedir.

Responde a señora Concelleira que é posible pero iso realmente dóelle , sobre todo debido á idade do traballador.

O señor Calvelo di que lle sorprende ter na orde do día outra vez este tema, e dille á Concelleira que ela ten que planificar o traballo, non o traballador.

A Concelleira di que as actividades previstas na “Xanela” impártense todas, salvo que non existan usuarios.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor do PP, en contra de ANOVA e a abstención do PS de G, acórdase:

1. Reducir a xornada laboral do auxiliar de deportes nun 40% o cal supón unha xornada laboral de 15 h/semanais, que continuará sendo flexible tal como se indica na relación de postos de traballo.

2. Aboarlle a retribución correspondente á xornada laboral de 15 h/semanais que se distribuirá do seguinte xeito:

Salario bruto mensual : 501,91 €
Seguridade Social cargo concello mensual : 169,39 €
Total gastos mensuais : 671,30 €

Salario bruto anual : 7.026,74 €
Seguridade Social cargo concello anual : 2.032,68 €
Total gastos anuais : 9.059,42 €

3. Modificar a RPT do auxiliar de deportes, reducindo a xornada laboral a 15 horas semanais.

8.Modificación acordo de non dispoñibilidade do importe da paga extra decembro

No acordo do Pleno ordinario que tivo lugar o pasado 14 de novembro, acordouse a inmovilización da paga extraordinaria do mes de decembro 2012, en aplicación polas entidades locais do disposto no apartado 1 do artigo 2 do Real Decreto Lei 20/2012 de medidas para garantir a estabilidade presupostaria, que establece a obriga de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ao servizo do sector público, no importe correspondente a paga extraordinaria a percibir citado mes, as cales, segundo o apartado 4 do citado artigo 2, se destinarán en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúa a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira; a cantidade inmovilizada ascendía a 43.660,86 euros.

O apartado 6 do artigo 2 do citado Real Decreto Lei 20/2012, sinala que o exposto anteriormente non será de aplicación aos empregados públicos os cales as retribucións por xornada completa, excluídos incentivos ao rendemento, no alcancen en cómputo

anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional que está establecido neste ano en 641,40€ a o mes, polo que aplicándolle o 1,5 resulta a cantidade de **962,10 €**.

Existen catro traballadoras neste concello, que se relacionan a continuación, que non superan o citado importe mensual, debendo polo tanto percibir a paga extraordinaria, e que por erro figuran incluídas na cantidade retida no anterior acordo (43.660,86 €.).

As citadas traballadoras son:

Dona Ana María Sanín De La Torre, 918,80 €

Dona Isabel Serto Fernández; 918,80 €

Dona Hortensia Iglesias Tato; 944,36 €

Dona Milagros López Pereira; 886,59 €

TOTAL: 3.668,55 €

O señor Canabal di: “Remítome a todo o que dixen no punto 6 e que non vou repetir. Simplemente dicir que aparte dos calificativos empregados no punto 6, o decreto famoso, aparte de ser claramente inxusto foi improvisado, tanto na súa elaboración como na súa aplicación. E á vista está”.

O señor Calvelo di: “Estamos a favor desta proposta de modificación do acordo plenario do 15 de novembro, na que se establecía a non dispoñibilidade do importe das pagas extras de decembro 2012 e que prexudicaba a estas catro traballadoras”.

Cos votos a favor dos representantes do PP e do PS de G e en contra do de ANOVA, acórdase :

1. Modificar o acordo plenario do 14/11/1012, punto terceiro “Non dispoñibilidade do importe das pagas extras decembro 2012”, que queda do seguinte xeito:

A inmovilización, e polo tanto a non dispoñibilidade no presente exercicio, dos créditos previstos para o aboamento da paga extraordinaria do mes de decembro, polo importe seguinte: 39.992,31 euros

2. Afectar estes créditos ao fin que no propio artigo se cita (achegas a plans de pensións ou similares), sen que poidan destinarse a ningún outro obxecto, nin no presente exercicio, nin en exercicios futuros e os seus importes non poderán ser incorporados ao presuposto do exercicio seguinte.

9. Concesión privativa ben dominio público para a instalación tanatorio. Aprobación proxecto.

Con data 10 de setembro do 2012 tivo entrada no rexistro co número 2177 un escrito presentado pola funeraria Casablanca SL, manifestando interese en optar á concesión da xestión e explotación comercial do tanatorio mediante concurso público.

O Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 26 de outubro acordou o cambio de uso da parcela na cal se sitúa a casa da cultura de Camporrapado, quedando definida do seguinte xeito:

- a- Uso equipamento sanitario asistencial, no cal se situaría o tanatorio. Superficie: 210 m².
- b- Uso como equipamento socio cultural. Superficie 2.217 m²

Posteriormente o concello elaborou un proxecto básico de acondicionamento parcial da planta baixa da casa da cultura de Camporrapado para velorio, cuxo presuposto ascende a 239.471,52 euros.

Tendo en conta que o prazo máximo de concesión que se prevé é de 20 anos, corresponde ó Pleno a adxudicación, o cal na sesión do 20 de xuño de 2011 delegou esta competencia na Xunta de Goberno. Sen embargo, tendo en conta que o proxecto foi presentado no concello polos servizos técnicos municipais o día 14 deste mes de decembro, e sendo a competencia do Pleno e tendo en conta que se celebra sesión plenaria o vindeiro 19 propoño que o Pleno avoque esta competencia xa que xuridicamente e da súa competencia.

O señor Canabal di: “Coido que quedou ben clara a miña argumentación interpretativa sobre esta “Ocorrancia” na casa Funeraria – Cultural de Camporrapado do pasado 26 de outubro.

Non se poñan nerviosos os concelleiros, que non vou repetir os argumentos. Aínda poderemos ir xantar á hora. Saben perfectamente que coa súa

- Certifican a desaparición da Casa de Cultura de Camporrapado (por moito que o queiran disimular nas bases de contratación)
- Certificana súa carencia de planificación.
- Programan o único tanatorio municipal, nunha esquina do Concello.
- E non falamos dos bandazos que teñen dado neste tema.

En fin, referíndonos ao caso, e tal como expoñen no expediente que hoxe vén ao pleno:

- Primeiro: Amañan cunha empresa a ubicación. (Conste que emprego o termo “amañar” que foi a que empregou a concelleira na sesión do 26 de outubro, cando nun lapsus verbal dixo “que o da empresa xa estaba amañado”).
- Segundo: Fan os trámites urbanísticos (Pleno 26 de outubro).
- Terceiro: Sacan inmediatamente un proxecto básico de acondicionamento cun orzamento de 239.471,52 € e un prego de cláusulas para a explotación por concesión administrativa, que non sabemos de onde saen (Ben podemos sospeitar que a propia empresa interesada as preparara segundo a súa conveniencia).

En fin, a ubicación é unha ocorrencia. E o procedemento cheira moi mal (e non a morto precisamente).

En fin, van vostedes sacar un concurso, polo que parece, onde o gañador terá que executar as obras valoradas en 239.471,52 € e además pagar un canon (taxa) de 3.000 € ao ano. E así, ou entendín mal.

Por último, mandan vostedes unha modificación ao prego, o punto k (saiban que en galego non existen as letras j e k que vostedes numeran no prego), que di que entre as obrigas, autorízase a outras funerarias o uso das instalacións previo abono da correspondente tarifa. E porque non aos particulares?. É imposible na actualidade enterrarse sen funeraria?

En fin, xa o dixen, e reitéroo. A ubicación escollida é unha ocorrencia, e sei que moitos dos concelleiros do PP así o pensan, mais non o manifestarán.

Se me permiten unha brincadeira, quero explicarlle unha das mutacións que estamos a sufrir no pleno desta corporación, que é a “mutación playmóbil”.

Explícome: Saben vostedes que os bonecos “playmobil” só teñen dúas articulacións nos brazos, que son as que máis se empregan neste concello. A articulación da moneca, para ver o reloxo cando me excedo nas miñas intervencións. E a articulación do ombreiro, a máis engrasada, para levantar o brazo segundo manden. Só advertirilles unha vez máis,

ou chamar a súa atención, de que estas votacións teñen consecuencias para a xente do común.

Pensen e actúen. Moitas grazas”.

O señor Calvelo di: “Seguimos por coherencia mantendo a mesma opinión contraria ó establecemento do tanatorio na Casa de Cultura de Camporrapado e menos cunha concesión tan prolongada no tempo. Vemos como estes locais públicos que se fixeron con tanto esforzo, cos impostos dos contribuíntes se entregan case gratuitamente a determinadas empresas privadas”.

O señor Alcalde di que efectivamente o canon é de 3.000 euros pero a isto débense sumar os custos das obras que deberá executar o adxudicatario.

Finalmente a señora García Fraga di que loa o sentido do humor do señor Canabal, pero que efectivamente cando dixo a palabra “amaña”, foi un lapsus verbal e xa no mesmo intre rectificouse.

Cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do PS de G e de ANOVA acórdase:

1. Avocar o coñecemento deste asunto
2. Iniciar o expediente para a concesión privativa dun ben de dominio público para a instalación dun tanatorio-velorio
3. Aprobar o seguinte prego de cláusulas administrativas que han de rexer a concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio-velorio sito na planta baixa do local social de Camporrapado

1 - OBXECTO DO CONTRATO

1.1.- O presente prego ten por obxecto regular as condicións, procedemento e forma de adxudicación da concesión do uso privativo do dominio público para o establecemento dun Tanatorio velorio no baixo da Casa de Cultura de Camporrapado.

O conxunto das actuacións a realizar para a instalación do tanatorio constan no proxecto básico aprobado polo concello e teñen por obxecto a reforma parcial da planta baixa da Casa da cultura para destinala a velorio de dous túmulos.

A parcela vinculada está clasificada como solo urbano nas vixentes NN.SS, como equipamento sanitario asistencial tralo cambio de uso aprobado no pleno celebrado o 26 de outubro de 2012.

As dimensións exteriores da edificación son 32,7 m por 17,7 m para unha edificación de baixo e un andar. Desta superficie destinaranse 210 m² da planta baixa para o servizo de velorio.

A edificación, situada no lugar de Camporrapado, conta con aparcamento suficiente nos arredores para albergar os vehículos relacionados con este uso.

O valor do dominio público obxecto de ocupación é de 53.014,5 €, según consta no informe do arquitecto do servizos técnicos municipais de data 30 de novembro de 2012.

Dado que o inmovible cuxa ocupación privativa se pretende ten a cualificación xurídica de ben de dominio público, o canón a satisfacer ao concello terá carácter de taxa conforme ao disposto no artigo 80.7 do Regulamento de bens das entidades locais e do

artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, resultando que o outorgamento das concesións demaniais que autorizan dita utilización privativa efectuarase en réxime de concorrencia de acordo co disposto no artigo 93.1 da Lei 33/2003 de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

1.2.- A natureza xurídica do contrato será a de concesión administrativa do dominio público, ao amparo do disposto nos artigos 84 e 93 da Lei 3/2003 de 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas (LPAP) e do artigo 78 e seguintes do real Decreto 1372/1986 polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

2 - PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A presente concesión demanial outorgarase en réxime de concorrencia con un só criterio de adxudicación que é a oferta económica mais vantaxosa.

3 - DURACIÓN DA CONCESIÓN

A presente concesión outorgase por un prazo de 20 anos, contado a partir da data de formalización do contrato. Dito prazo terá carácter improrrogable polo que, unha vez transcorrido o mesmo cesará o uso privativo do dominio público e reverterá a plena disposición do tanatorio á propiedade do concello.

4 - CANON DA CONCESIÓN E FORMA DE PAGO

O canon que serve de base á licitación fíxese en 3.000 €/ano, susceptible de ser melloradas á alza.

O canon polo que se adxudique a concesión será revisado anualmente en proporción ás variacións do IPC durante o ano natural anterior, segundo a publicación que efectúe o Instituto Nacional de Estatística.

A concesionaria estará obrigada ao pago anticipado do canon anual ofertado pola utilización privativa do dominio público. O canon correspondente ao ano inicial deberá aboarse dentro dos quince días seguintes, a partir da data da notificación da adxudicación definitiva do contrato, as demais anualidades aboaranse dentro dos quince días seguintes ao inicio de cada unha delas.

5 - GARANTIAS DA CONTRATACIÓN

Non se **esixe garantía provisional**.

O licitador que resulte adxudicatario da concesión, deberá constituír unha **garantía definitiva** por importe do 5 % do valor do dominio público ocupado no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación do acordo de adxudicación. Esta garantía definitiva non será cancelada ata que se produza o vencemento do prazo da concesión e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou ata que se declare a resolución da concesión sen culpa do concesionario.

Garantía adicional: en virtude do sinalado no artigo 95 do T.R.L.C.S.P, neste caso esixirase unha garantía adicional ao adxudicatario da concesión por importe de 50.000 €. Esta garantía establececese para responder da correcta execución das obras e será devolta cando as obras estean finalizadas previo informe técnico favorable.

As citadas garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no artigo 103 do T.R.L.C.S.P.

6 - SELECCIÓN DO ADXUDICATARIO

6.1. – A adxudicación da concesión do uso privativo do dominio e uso público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio sito no baixo da casa de cultura de Camporrapado, efectuarase garantindo os principios de publicidade, concorrencia pública e transparencia esixibles polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSPP).

6.2. – poden presentarse a persoas físicas e xurídicas que se encontren en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obra, que non estean comprendidas en ningún dos casos de incompatibilidade ou incapacidade establecidos no artigo 60 do TRLCSPP. Así mesmo, poderán facelo por si os representados por persoas autorizadas, mediante poder bastanteado.

7 – LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

7.1. – Lugar e prazo de presentación: As proposicións presentaranse nas dependencias municipais, en horario de 9 a 14:00 h/de luns a venres durante os quince días seguintes á publicación do anuncio no BOP e/ou perfil do contratante.

A presentación de proposicións supón a aceptación polo licitador da totalidade do contido das cláusulas ou condicións previstos nos pregos que rexen o procedemento de adxudicación da concesión.

7.2. – Forma de presentación: as proposicións irán dirixidas ao alcalde do concello de Boqueixón, e presentaranse DOUS SOBRES nos que reflectirá a seguinte inscrición:

SOBRE 1: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Contido:

1 – Documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, consistentes:

- DNI do licitador cando se trate de empresarios individuais ou fotocopia compulsada.
- Se a empresa é persoa xurídica, a escritura de constitución da sociedade debidamente inscrita no rexistro público que corresponda según o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o código de identificación fiscal. Estes documentos deberán recoller o exacto réxime xurídico do licitador no momento da presentación da proposición.
- Poder de bastanteado polo secretario/a do concello de Boqueixón, cando actúe por representación dunha persoa xurídica e presentación de fotocopia compulsada do DNI de quen actúa por representación.

En caso de concorrer á licitación varias empresas, constituíndo unha unión temporal, cada unha delas debera acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias das empresas que subscriben as proposicións, a participación de cada unha delas, designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostente a representación da unión ante a administración.

2 – Declaración responsable do licitador, facendo constar que non se encontra incurso en ningunha das prohibicións para contratos establecidos no artigo 60 do TRLCSP, así como que se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

3 – Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira segundo o establecido no artigo 75 do TRLCSP, o empresario pode acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

- Informe de institucións financeiras.
- Para sociedades, presentación de balances ou extractos de balances.

4 – Solvencia técnica. Acreditación de experiencia e documentación técnica e autorizacións necesarias doutros organismos, para a prestación do servizo.

5 – Escrito asinado polo licitador no que conte a dirección, nº de teléfono e correo electrónico da persoa á que de dirixirán as comunicacións e requirimentos que sexan necesarios realizar durante o procedemento.

SOBRE 2: PROPOSICIÓN ECONÓMICA, que se presentará conforme ao modelo.

8-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN:

8.1. – A mesa de contratación estará integrada por:

- Presidente : Manuel Mouriño Varela.

- Vocais: María Dolores García Couto

Raquel García Fraga

Xabier Canabal Fernández

David Paulino Calvelo Otero

Elena Suárez Rodríguez (secretaria interventora do concello)

Secretaria: Adela Lamela Arteaga.

No caso de ausencia dos membros titulares actuarán os correspondentes suplentes.

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, a mesa reunirse o terceiro día hábil seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes, en acto non público co único obxecto de comprobar as solicitudes presentadas e a documentación administrativa do SOBRE 1.

Se a mesa observa defectos materiais na documentación, poderá conceder, un prazo non superior a tres días para que o licitador o emende. Se a documentación contén defectos substanciais ou deficiencias non emendables, rexeitarase a proposición.

Os defectos emendables, ou non emendables apreciados serán publicados no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello, a efectos da notificación prevista no artigo 59 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, comezando, no seu caso, o cómputo do prazo para a emenda dos defectos cualificados como tales, o día inmediatamente posterior.

8.2. – Actuación da mesa de contratación. O acto de apertura das proposicións económicas será público e a convocatoria da data e hora da súa celebración anunciarase no perfil do contratante e comunicarse aos licitadores vía correo electrónico, FAX ou teléfono, con dous días de antelación como mínimo.

A mesa iniciará a súa actuación dando conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no SOBRE 1, indicando os licitadores excluídos e as causas da exclusión, invitando aos asistentes a formular observacións que se recollerán na ACTA, no seu caso.

Calquera asistente, a propia petición poderá examinar a documentación presentada, que a tal efecto sinale.

A continuación procederase á apertura do SOBRE 2 dándose conta das proposicións económicas presentadas.

En aplicación do único criterio de adxudicación que é o prezo, a mesa de contratación procederá a formular a proposta de adxudicación á proposición mais vantaxosa.

9 – ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN

Unha vez efectuada a proposta de adxudicación por parte da Mesa de Contratación, requiriráselle ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente:

- a- Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da seguridade social.
- b- Constituír a garantías definitiva por importe do 5 % da valoración dos bens adxudicados.
- c- Acreditación de dispoñer dos medios, persoais e materiais.

O órgano de contratación deberá adxudicar a concesión dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da referida documentación.

A adxudicación deberá notificarse aos licitados e simultaneamente publicarse no perfil do contratante e taboleiro de edictos do concello.

O outorgamento da concesión non leva implícito o da licenza urbanística (actividade, instalacións) que deberá ser solicitada polo adxudicatario e cuxo outorgamento será requisito previo para o inicio da actividade.

10 – FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato deberá efectuarse dentro dos 15 días hábiles a contar dese o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva según o establecido no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O adxudicatario queda obrigado a pagar o importe dos anuncios, e de cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e da formalización do contrato, incluídos, no seu caso, os Notariais así como de inscrición no Rexistro da propiedade, obrigándose así mesmo ao pago de todo tipo de tributos, estatais e autonómicos, incluso os incrementos que poidan experimentar os impostos durante a vixencia do contrato, a causa de sucesivas elevacións legais do tipo impositivo ou da base sobre a que se aplique.

11 – DEREITOS E DEBERES DO CONCESIONARIO

Dereitos

1. Dereito a usar de forma privativa, limitativa e excluínte a porción do dominio público obxecto da concesión.
2. Dereito a solicitar e obter todas as licenzas necesarias para o desenvolvemento da actividade, sendo ao seu cargo a redacción dos documentos técnicos preceptivos para a tramitación das correspondentes licenzas de actividade e posta en funcionamento, así como as autorizacións pertinentes por parte dos órganos competentes que sexan esixibles.

Obrigas

1. Pagar o canon establecido neste prego.
2. Manter en bo estado a porción do dominio público utilizado e (no seu caso) as obras que constrúa.
3. Abandonar e deixar libres a disposición do concello de Boqueixón, dentro do prazo fixado, os bens obxecto da utilización.
4. Cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no traballo para a prestación obxecto do contrato.
5. Sufragalos gastos de auga, luz, calefacción, limpeza e demais necesarios para o desenvolvemento da actividade.
6. Executar as obras sinaladas no proxecto.
7. Cumprir as normas legais referentes á explotación da actividade.
8. Axustar a explotación do local ás limitacións que se deriven das necesidades municipais tanto pola execución de obras como pola celebración de actos que poidan afectar á explotación, sen que por isto teña dereito o concesionario a indemnización de ningunha clase, salvo que se impida a apertura do tanatorio durante un máximo de 15 días naturais ao ano.
9. Xestionar o outorgamento de cantas licenzas e autorizacións de calquera organismo público sexan necesarias para o inicio e execución das obras.
10. Establecer un regulamento interno que regule o uso do centro para o conxunto de usuarios que deberá ser previamente aprobado polo concello.
11. Autorizar a outras funerarias e particulares o uso das instalacións previo aboamento da correspondente tarifa.

12 – RESPONSABILIDADE

O concesionario responderá dos danos e prexuízos que poidan ocasionar a terceiros con motivo da explotación. Con tal fin, estará obrigado a contratar e manter vixentes durante o período da concesión as pólizas de seguros de responsabilidade civil por importe de 300.000 € e de danos por importe de 100.000 €. Un exemplar de cada unha das referidas pólizas deberá entregarse no concello de Boqueixón dentro dos 15 días seguintes a aquel no que se lle sexa notificada a adxudicación definitiva.

13 – FINANCIACIÓN

O concesionario asumirá o financiamento da explotación do tanatorio, de xeito que todos os gastos que se orixinen como consecuencia da mesma serán ao seu cargo. O concello de Boqueixón non avalará ningunha operación financeira nin participará de ningunha forma, no financiamento da explotación nin asegurará ao concesionario unha recadación ou rendemento mínimo, así como tampouco terá obriga de outorgar subvención de ningunha clase. Do mesmo xeito tampouco asumirá posibles gastos de reformas, melloras ou ampliacións das instalacións existentes, que serán ao seu cargo. Tendo en conta que se trata dunha concesión demanial e non dun servizo público municipal, o concesionario terá liberdade para o establecemento dos prezos das actividades que preste. Non obstante o concesionario, con anterioridade ao inicio da prestación do servizo remitirá ao concello de Boqueixón, con entrada no Rexistro Xeral a relación dos servizos e tarifas que o concesionario cobrará aos usuarios pola prestación dos servizos. Non se poderá cobrar tarifa algunha sen que previamente fose comunicada ao concello e exposte en sitio visible no tanatorio.

14 – TRASPASO DA CONCESIÓN

Os dereitos e obrigas adquiridas polo adxudicatario en virtude da presente licitación só poderán ser traspasados a terceiras persoas previa autorización por escrito do concello de Boqueixón. O traspase non se concederá si non se acredita que o transmitente ou concesionario explotou directamente a concesión durante un tempo mínimo de 5 anos e o novo concesionario reúne idénticos requisitos de solvencia e capacidade que o concesionario inicial. No referido escrito farase constar:

- a- Persoa física ou xurídico a cuxo pavor solicita o traspaso.
- b- Prezo de traspaso.

A persoa a cuxo favor se solicite o traspaso quedará obrigado ao cumprimento da totalidade o contido no prego de cláusulas.

O concello de Boqueixón terá dereito de tanteo pola mesma contía, dentro dos trinta días seguintes contados a partir da data en que sexa presentado o escrito. No caso de non exercitar o dereito de tanteo, o traspaso será autorizado de forma expresa, percibindo o concello unha cantidade equivalente ao 20 % do prezo de traspaso.

Os traspasos non autorizados darán lugar á extinción da concesión. Queda prohibido o arrendamento da concesión.

15- RESCATE DA CONCESIÓN

O concello de Boqueixón reservase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interés público, mediante indemnización ao concesionario dos prexuízos que se causaran, ou sen ela cando procedese.

16 – REVERSIÓN

Ao termo do prazo da concesión, ben sexa por cumprimento do prazo ou por calquera outra, o concesionario estará obrigado a deixar libre e baleiro o local, a disposición do concello, recoñecendo a potestade da corporación municipal para acordar e executar por si o lanzamento, unha vez finalizado o prazo concesional ou cando se produza a extinción dos dereitos concesionais por calquera outra cousa.

17 – RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN

Procederá a resolución do contrato, ademais dos supostos establecidos legalmente con carácter xeral e nas restantes cláusulas deste prego, nos seguintes casos:

- a- Falta de autorización previa nos supostos de transmisión da concesión.
- b- Rescate da concesión, previa indemnización.
- c- Mutuo acordo.
- d- Falta de pago do canon durante dúas anualidades.
- e- Renuncia do concesionario con perda de todos os dereitos concesionais incluída a fianza definitiva.
- f- Xubilación do concesionario salvo nos casos de transmisión autorizada ata o cumprimento do prazo da concesión.

En calquera dos casos expresados, extinguirase a concesión e demais dereitos sobre as instalacións, sen dereito a indemnización a favor do concesionario, a excepción do que poida acordarse no suposto de mutuo acordo.

18 – RÉXIME XURÍDICO, INTERPOSICIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

O contrato ten natureza xurídica da concesión administrativa de dominio público, consistente no uso privativo dun ben de dominio público.

En todo o non previsto neste prego, estarase ao disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas nas preceptos que sexan de carácter básico, no regulamento de bens das entidades locais de 13 de xuño de 1986, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, no regulamento de servizos das corporacións locais de 1955 e no Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e no seu defecto, as normas do dereito privado.

Corresponde a administración a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltos polos órganos de contratación, cuxas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contenciosa administrativa.

ANEXO I

(MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D/Dona.....maior de idade , con DNI.....
con domicilio enrúa.....Nº.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que non se encontra incurso/a en ningunha das circunstancias que determinan a prohibición para contratar coa administración, a que se refire o artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do Sector Público.

Que se encontran ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostos polas disposicións vixentes.

E para que conste e surta os efectos oportunos ante o Concello de Boqueixón, espido e asino a presente declaración enade..... de 2012

ANEXO II

(MODELO DE PROPOSICIÓN ECONOMICA)

D/Dona.....maior de idade , con DNI/CIF.....
con domicilio enMunicipio.....

en nome propio (ou en representación da empresa.....) enterado da convocatoria para a concesión administrativa do uso privativo do ben de dominio público sito no baixo da Casa de Cultura de Camporrapado , na que tomo parte comprometéndome a facer uso do mesmo e a instalar un tanatorio, de acordo co prego de cláusulas administrativas que acepto integramente sendo o canon ofertado o cal me comprometo aboar de€/ano.

En Boqueixón,..... de.....de 2012.

4. Aprobar o proxecto básico de acondicionamento parcial da planta baixa da casa da cultura de Camporrapado para tanatorio-velorio.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Vº e Pr.
O alcalde